# 3 Por que se producen as mareas negras?





Unha das primeiras instalacións para a extracción de petróleo



**O petróleo** é un produto natural formado por unha mestura de hidrocarburos (compostos de carbono e hidróxeno). O petróleo orixinouse pola descomposición de pequenos organismos sometidos a altas presións e temperaturas suaves.

## ESQUEMA DA DESTILACIÓN DO PETRÓLEO E ALGUNS DOS PRODUTOS QUE SE OBTEÑEN DEL




## MAPA DE PRODUCIÓN E CONSUMO DE PETRÓLEO NO MUNDO.




A distancia que hai entre os lugares de produción e os de consumo da lugar a un intenso tráfico de petroleiros que é a causa de numerosos accidentes.



Refinería de petróleo. A Coruña.

Na actualidade un 80 % da enerxía empregada no mundo depende dos combustibles fósiles. Un tipo de enerxía non renovable e moi perigosa para o medio ambiente. Isto é incompatible co mantemento dunhas mínimas condicións de habitabilidade no planeta e a existencia de recursos suficientes para toda a humanidade de cara ao futuro.

Consumo de enerxía ao longo do tempo.




A utilización de combustibles fósiles e os seus derivados provoca a perda da calidade do aire, o aumento do efecto invernadoiro, a diminución da capa de ozono e o aumento global da temperatura do Planeta.





Adela Leiro
Mon Daporta